

SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DÍA 28/05/2019

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

Lista de asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN
ARGIMIRO SERÉN MERA
SONIA OUTÓN CASAL
LINO MOURIÑO SANTIAGO
PAOLA MARIA MOCHALES
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN

SECRETARIO/A

MARÍA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:15 horas do día 28/05/2019 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 20 de maio de 2019, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2019/2213

En relación coas propostas de gasto que se van a tratar na presente Xunta de Goberno Local, comunícase o seguinte:

1) Dáse conta do informe da Intervención Municipal en relación coas propostas de gasto engadidas na Xunta de Goberno Local de 27 de maio de 2019. Tendo en conta o límite previsto no artigo 118.3 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, para contratos menores que no prazo de 12 meses naturais, illada ou conxuntamente, non poderán superar para un mesmo provedor as contías de 15.000 € para servizos e subministrados e 40.000 € para obras.

2) Dáse conta do informe do Órgano de Contratación (Alcaldía), no que se indica que os contratos menores dende o 9 de marzo de 2018, que afectan aos provedores que figuran nos expedientes que se pretenden someter á aprobación da Xunta de Goberno Local de 27 de maio de 2019, son os seguintes e cumpren co disposto no apartado primeiro citado:

a) PROVEDORES QUE CUMPREN OS LÍMITES CUANTITATIVOS DO ARTIGO 118:

PROVEDOR	CIF	PROPOSTA A APROBAR	DATA XGL	CUMPRE
ASOC. CUL. AIRIÑOS DO CARRIL	G94006004268,00 €		28/05/2019	SÍ
BAYGAR, S.L.	B120196591.113,20 €		28/05/2019	SÍ
EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA S.L.	B3652888310.483,43 €		28/05/2019	SÍ
HINVES PIANOS, S.L.	B186519016.050,00 €		28/05/2019	SÍ
OZORES NUÑEZ, M. NIEVES	35443149B1.294,70 €		28/05/2019	SÍ
PEYCAR PONTEVEDRA, S. L.	B3611204311.443,58 €		28/05/2019	SÍ
VIVEROS O PIÑEIRO, S.L.	B362134602.023,08 €		28/05/2019	SÍ

b) Nos expedientes anteriormente citados non se está alterando o obxecto do contrato coa finalidade de evitar a aplicación das regras xerais de contratación (Lei 9/2017).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/2188

Dáse conta do escrito presentado por D. José Ernesto Martín Herreza, en representación de **Marketing Land Solutions SLU**, solicitando autorización para ocupación de vía pública para celebración dun evento de Nintendo na Praza da II República, do 5 ao 9 de setembro de 2019.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2019/2189

Dáse conta do escrito presentado por **ANPA VAGALUME**, solicitando autorización para celebrar a festa de fin de curso o día 21 de xuño, en horario de 18:30 a 20:30 horas, así como o corte ao tráfico da Rúa a Xunqueira

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2019/2191

Dáse conta do escrito presentado por **D. José Manuel Camiño Seoane**, xunto con Dona Rosa Piñeiro Rodríguez comunicando a cesión ao Concello dunha superficie de 86,00 m² da parcela con referencia catastral 7645109NH1174N0001KD, situada en Rúa Fonte de Faxilde, para a ampliación de vía pública.

A Xunta de Goberno Local acorda aceptar a cesión da parcela indicada e acondicionar o camiño, debendo situarse o peche da finca que se realice no futuro na aliñación establecida no PXOM.

PRP2019/2192

Vista a proposta do Servizo de Parques e Xardíns, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Viveros O Piñeiro SL** para o subministro de material de rego para substitución en caso de posibles avarías ou desgaste, por un importe total de 2.023,08 € (IVE incluído), con cargo á partida 171.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na

facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/2193

Vista a proposta do Servizo de Parques e Xardíns, a Xunta de Goberno Local acorda probar o orzamento presentado por BAYGAR SL para o subministro de 2 mesas con cadeiras para a súa colocación no Parque das Camelias de Rubiáns, na contorna da Casa de Cultura, por un importe total de 1.113,20 € (IVE incluído), con cargo á partida 171.63200.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/2187

Dáse conta do escrito presentado por dona Daysi Alcalde Monteagudo, en representación de **Asociación O Soño de Lilith**, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza da II República o día 1 de xuño, en horario de 11:00 a 12:00 horas para a presentación do evento FESTIVALIA, así como o uso da Praza da II República ou Praza da Peixería (se chove) o día 8 de xuño.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

En caso de choiva autorízase o uso da Praza da Peixería, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2019/2230

Dáse conta do escrito presentado por D. Diego Doval Balsa, en representación de ADC Encestarias, solicitando a colaboración municipal con motivo da celebración da clausura da MASTER SENIOR LEAGUE, o día 1 de xuño, en horario de 08:00 a 14:00 horas, na Praza de Galicia.

Dáse conta de resolución do Presidenta da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais de colaboración coa cesión de material da citada Fundación.

Acórdase así mesmo a colaboración municipal coa cesión de carpa, mesa, cadeiras, etc, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.”

PRP2019/2231

Visto o informe da Policía Local en relación á confluencia das rúas Adolfo Pedrido Moral e Rúa Camiño do Pabillón, a Xunta de Goberno Local acorda sinalizar horizontalmente a liña de detención e o STOP, no Camiño do Pabillón, onde xa existe o sinal vertical, tamén para aminorar a velocidade e ordenar a zona de manobra acórdase pintar liñas de separación de carril continúa, salvo o taqueado que permita o xiro, repartido a calzada por igual, nas proximidades do cruce, en rúa Adolfo Pedrido Morla.

BENESTAR SOCIAL BENESTAR SOCIAL

PRP2019/2207

Vista a proposta da Concellería de Benestar Social e Igualdade, unha vez finalizado o prazo de reclamacións ou subsanación de documentación ou reclamación á Lista Provisional da Escola Infantil Municipal para o curso 2019-2020, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Corrección de erro relativo a Erik Pazos Ces, que figuraba na Lista Provisional como admitido en 2 anos, e situalo na Lista de 1 ano, xa que naceu o ano 2018.

Segundo: Aceptala solicitude de D. Víctor Martínez Rivas, presentado fora de prazo, e baremar o mesmo a efectos de optar ao Bono Concilia: 18 puntos.

Terceiro: Aprobar a lista definitiva de admitidos/as na Escola Infantil Municipal para o vindeiro curso 2019/2020.

Cuarto: Publicar coa maior difusión posible, que os solicitantes admitidos deberán formalizar a matrícula entre os días 3 e 14 de xuño, na Escola Infantil Municipal e que os que non a formalicen, perderán o rederito a praza, que se cubrirá por rigorosa orde dos solicitantes en lista de agarda.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2019/2208

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Autorizar a sinatura do Convenio de colaboración empresarial entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Empresa VEPERSA SA, cunha aportación de 2.500,00 € para a II Edición do Festival Internacional de Música Clasclas.

Segundo: Autorizar a sinatura do Convenio de colaboración para a financiación da II Edición do Festival Internacional de Música Clasclas entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e D. Ramio Carregal Rey, cunha aportación de 6.050,00 € para a financiación do aluguer dos pianos de cola á Empresa HINVES PIANOS de Madrid.

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2019/2210

Vista a proposta da Concellería da Área de Igualdade - CIM, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Dona M^a Nieves Ozores Núñez para o servizo de Deseño, maquetación, imaxes, preparación arte final para impresión + impresión de 11.000 exemplares da "Carta de servizos do Centro de Información á Muller", por un prezo total de 1.294,70 € (IVE incluído), con cargo á partida 2312.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CULTURA

PRP2019/2211

Dáse conta da proposta da Concellería de Cultura, de modificación do acordo de Xunta de Goberno Local de data 13 de maio de 2019, de aprobación da realización unha "Homenaxe a Juan Vidal Lemiña", o día 17 de maio na Praza da Liberdade de Carril coa programación do Concerto do Día das Letras Galegas.

A Xunta de Goberno Local acorda autorizar a ampliación do gasto inicialmente aprobado, con cargo á partida 926.2260201, coa seguinte desagregación :

- Pablo Vidal Mendoza: edición de 1.000 exemplares do Cd "Galicia Fermosa", en lugar dos 500 inicialmente aprobados, incrementando o importe en 363,00 €, sendo o importe total da adxudicación de 6.413,00 €

- Gráficas Anduriña SL: Impresión de 500 exemplares do libro "Galicia Fermosa", por un importe total de 2.173,60 €

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/2212

Dáse conta da proposta da Concellería de Cultura e con motivo dunha nova edición da Campaña "Quere o teu mercedo 2019" da Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Comercio, en colaboración

cos Concellos, as Prazas de Abastos e as Asociacións, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto correspondente á actuación do Grupo de Gaitas Airiños de Carril (Asociación cultural Airiños do Carril), para o día 25 de maio co fin de dinamizar e animar o mercado, percorrendo as instalacións de Praza de Abastos e os distintos postos do mercado, en horario de 11:00 a 12:30 aproximadamente, por un importe total de 268,00 €, con cargo á partida 4312.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CONTRATACIÓN

PRP2019/2182

Dáse conta do escrito presentado pola Empresa Zona de Obra O Rosal, en relación ao acordo adoptado en sesión celebrada o día 6 de maio de 2019 sobre resolución do contrato 25/2017-e "Renovación de Barandillas no entorno de Vista Alegre" solicitando poder continuar coa execución da obra, xa que o retraso que sufriu dita obra foi debido a problemas coa fabricación do material axenos á empresa Zona de Obra O Rosal. A Xunta de Goberno Local acorda deixar sen efecto o acordo de resolución do contrato citado e autorizar a continuidade da obra, establecéndose como data límite de finalización da mesma o día 15 de xuño de 2019.

PRP2019/2181

Dáse conta de Resolución do **AGADER** de concesión ao Concello de Vilagarcía de Arousa dunha axuda, por importe de 47.848,00 € e unha porcentaxe de subvención do 41,88€ sobre o orzamento aceptado, que ascende a 138.242,98 €, ao abeiro do Plan de mellora de Camiños Municipais 2019-2020, para a obra "Mellora e ampliación de camiño na Rúa Perrón e Sentín - Rubiáns" (Expte. PM2019/259), coa seguinte distribución por anualidades:

Anualidade 2019: 23.924,00 €

Anualidade 2020: 23.924,00 €

O prazo límite para executar e xustificar os investimentos correspondentes á anualidade 2019 será o 16 de setembro de 2019.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/2194

Dáse conta da seguinte proposta da Concelleira de Urbanismo:

O Boletín Oficial do Estado número 103, do 30 de abril de 2019, publicouse o Real Decreto 316/2019, de 26 de abril, polo que se modifica o Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020.

O concello de Vilagarcía de Arousa ten aprobado, por acordo da Xunta de Goberno Local de 4 de febreiro de 2019, o Plan de Mobilidade Sustentable para o Concello de Vilagarcía de Arousa, denominado "Red de ciclovías para Vilagarcía de Arousa, análisis y trazado para la trama viaria existente", redactado por JAM2 Arquitectos, C.B., e que conta con informe favorable de supervisión do arquitecto municipal don Xoán Xosé Rodríguez Cuiña.

A media 8, que consta no Anexo I do Real Decreto 316/2019 de 26 de abril, financia a implantación de plans de mobilidade urbana sostible, no que tería perfecta cabida as obras que se derivan do

Plan de Mobilidade Sustentable do Concello de Vilagarcía de Arousa.

O citado proxecto de “Red de cicloviás para Vilagarcía de Arousa, análise y trazado para a trama viaria existente” ten un orzamento total de 1.970.614,20€, dos que unha fase denominada “Rede de vía ciclistas (Cicloviás) de Vilagarcía de Arousa. Fase II.A”, por importe de 488.766,05€ serán financiadas con cargo ao Programa Operativo de Crecimiento Sostenible FEDER 2014-2020 (EDUSI Vilagarcía Avanza), quedando pendentes de financiamento 1.481.848,15€.

De concederse a subvención, que se propón solicitar, o concello confeccionaría un proxecto único para a parte non financiada con fondos EDUSI, desagregandoa, do xa citado proxecto principal de Red de cicloviás para Vilagarcía de Arousa, análise y trazado para a trama viaria existente, que posteriormente sería sacado a licitación pública, polo que a financiamente de toda a actuación prevista ser

Visto o que antecede, ao abeiro do establecido no Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, modificado polo Real Decreto 316/2019, de 26 de abril, publicado no BOE do 30 de abril de 2019, a Xunta de Goberno Local acorda a adopción do seguinte acordo

Solicitar do Ministerio de Transición Ecolóxica, subvención por importe de 1.185.478,52€ (80%) do custo do investimento pendente de financiamento, comprometéndose o concello de Vilagarcía de Arousa a achegar o 20% restante, e dicir, 296.369,63€, para acometer a obras incluídas no proxecto de Red de cicloviás para Vilagarcía de Arousa, análise y trazado para a trama viaria existente, na citada parte non financiada por fondo EDUSI. Polo que a financiación quedaría como a seguir se indica:

Denominación	Importe	Financiamento	Importe financiado
Rede de ciclistas (Cicloviás) de Vilagarcía de Arousa. Fase IIA	488.766,05€	Programa Operativo de Crecimiento Sostenible FEDER 2014-2020 (EDUSI Vilagarcía Avanza)	488.766,05€
Resto actuación	1.481.848,15€	Ministerio de Transición Ecolóxica Concello Vilagarcía de Arousa	1.185.478,52€ 296.369,63€
Total	1.970.614,20		

PRP2019/2114

Dáse conta da seguinte proposta da Concelleira de Urbanismo para adxudicar o contrato menor de "Obras de Urgencia Reforzo de Pasarela no Camiño Lateral da Escola Infantil":

O Concello de Vilagarcía de Arousa está a levar a cabo unha serie de actuacións para dar accesibilidade no contorno da Escola Infantil Municipal.

Con motivo destas actuacións produciuse o colapso dunha lousa de formigón da que se ignoraba a súa existencia e que, por conseguinte, non estaba previsto actuar nela. Esta estrutura cadra nunha zona que anteriormente era inaccesible pero que agora vai quedar nun itinerario de tránsito peonil.

Polo anterior ordénase ao arquitecto municipal a redacción dunha memoria para a execución das obras urxentes para subsanar as incidencias referidas no apartado anterior que non estaban previstas no proxecto, e cuxo valor estimado ascende á cantidade de 10.899,98 € (IVE engadido).

Ao tratarse dun contrato menor de obras e de acordo co establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

A Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Aprobar a Memoria valorada por importe de 10.899,98 € denominada “Obras de Urgencia reforzo de pasarela no camiño lateral da Escola Infantil”, redactada polo Arquitecto Municipal don Xoán Xosé Rodríguez Cuíña.
- 2.- Adxudicar á empresa EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA, SL (B36528883), o

contrato menor de obras para o investimento denominado “Obras de Urgencia reforzo de pasarela no camiño lateral da Escola Infantil” por importe de 10.483,43 euros (IVE engadido) con cargo ao orzamento municipal vixente, de acordo do orzamento que se achega.

O prazo de execución do contrato será: 1 mes

FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2019/2217

Visto o informe do Técnico de comunicacións, Publicacións e Arquivos, a Xunta de Goberno Local o recoñecemento de obrigación a favor de **Graficas Anduriña Sociedad Cooperativa Galega**, polo importe de 418,08€, da factura nº190800 (Rex.19/3686), correspondente ó subministro de folletos a 4/4 titnas plegado en díptico a 21x60 e logo en ventana de catro corpos a 15x21 cms da exposición de Xaquín Xhves na sala Rivas Briones, con cargo á partida orzamentaria 334-22631.

PRP2019/2218

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos seguintes Grupos Municipais, polo importe total de 7.500,00 €, correspondente á asignación económica a Grupos Municipais do 1 ao 30 de abril de 2019, de conformidade co establecido polo Pleno da Corporación Municipal de data 24 de setembro de 2015, con cargo á partida 912.489, coa seguinte desagregación:

- Grupo Municipal do PSdG-PSOE, por un importe total de 2.700,00 €
- Grupo Municipal do P.P., por un importe total de 2.400,00 €
- Grupo Municipal do EU-IU, por un importe total de 900,00 €€
- Grupo Municipal de BNG, por un importe total de 900,00 €
- Grupo de SOMOS MAIORIA, por un importe total de 600,00 €.

PRP2019/2219

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos/as Sres./as Concelleiros/as, membros da Corporación Municipal, polos importes que a seguir se din, correspondentes a asistencia a sesións do Pleno, Xuntas de Goberno e Comisións Informativas, do 1 ao 30 de abril de 2019, por un importe total de 5.830,00 € e con cargo á partida 912.233:

CARGO ELECTO	Número Sesións	€/sesión	Total Euros
D. ARGIMIRO SERÉN MERA	7	110	770,00
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN	7	110	770,00
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ	7	110	770,00
DONA ROCIO A. LLOVO DEL RIO	3	110	330,00
DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO	3	110	330,00
D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ	2	110	220,00
D. ANGEL BENITO PÉREZ DORGAMBIDE	3	110	330,00
DONA SAGRARIO CASTRO VIDAL	1	110	110,00
D. MANUEL MÉNDEZ VARELA	3	110	330,00
D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ	3	110	330,00
DONA MARIA MOSQUERA LEAL	3	110	330,00
D. XOSÉ LOIS LEIRÓS GUDE	2	110	220,00
DONA LUCÍA CESAR VELOSO	3	110	330,00
D. GASPAR ANTONIO GONZÁLEZ SOMOZA	3	110	330,00

D. MIGUEL ALVES LAGO	3	110	330,00
TOTAL			5.830,00

PRP2019/2220

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor de Serviocio, S.L. polo importe de 88,37€, da factura nº37-F2019-37 (Rex. 2019/3276), pola prestación de servizos deportivos na piscina municipal de Vilagarcía, con cargo á partida 2412-22199 (Prox (3) nº02/26/2018).

PRP2019/2221

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda validar o gasto polo servizo de perroquería e maquillaxe para a personaxe de Rosalía de Castro

Acórdase así mesmo o recoñecemento de obrigación a favor da Araceli Silva polo importe de 70,00€(IVE incluído), da factura nº02/2019 (REX. 2019/2580), con cargo á partida orzamentaria 334-22699.

PRP2019/2222

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de abril de 2019 de recoñecemento de obriga a favor de Graficas Anduriña SCG, figurando no mesmo:

“... con cargo á aplicación orzamentaria 926-22000....”.

E debendo figurar:

“... con cargo á aplicación orzamentaria 920-22000”.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

PRP2019/2224

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor de Multiservicios Contucho, S.L., polo importe de 2.085,05€, da factura 1:A:19/450 (Rex. 19/2963), correspondente ao servizo de limpeza de colectores e desprazamento do equipo de inspección, con cargo á partida orzamentaria 161-22700.

PRP2019/2225

Visto o informe do Técnico de comunicacións, Publicacións e Arquivos, a Xunta de Goberno Local acorda a ampliación do AD 19-1182 a favor de Graficas Anduriña Sociedad Cooperativa Galega, polo importe de 20,76€, e o recoñecemento de obriga da factura nº190798(Rex.19/3678), correspondente de tripticos A 4/4 tintas con hendidos e plegados A 22x22 Ref Orive, por importe de 343,20€, con cargo á partida orzamentaria 334-22631.

PRP2019/2226

Dáse conta do informe desfavorable de Intervención relativo á conta xustificativa do Festival A.C. Varietés 2018, por incumprimento do prazo de xustificación (Expediente: EDUCTUR/2018/4)

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/2227

A Xunta de Goberno Local, vista a proposta da Intervención Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar uns modelos de Convenios para a concesión directa de subvencións de carácter nominativo así como de carácter directo, así como os anexos que deberán ser presentados polas beneficiarias.

PRP2019/2228

Dáse conta da rendición de contas de pagos a xustificar que presenta Dona Luz M^a Abalo Pérez, provisión de fondos aprobada pola Xunta de Goberno Local de data 18 de marzo de 2019 para pagar os gastos da presentación do Festival ClasClas 2019:

Xustificantes 1.684,40€

Recibido 1.860,00€

Diferenza ingresada en cta./Tesourería 175,60€

A Xunta de Goberno, visto o informe de Intervención Municipal acorda aprobar a rendición de contas e pagos a xustificar presentada.

PRP2019/2229

Acórdase o recoñecemento de obrigaón a favor de Teatro de Adro, S.L. polo importe de 2.200,00€, da factura nº A 1 (Rex. 19/4011), correspondente ao concerto "Factoría de Subsistencia" o 18 de maio, con cargo á partida orzamentaria 338-22799.

E sen máis asuntos que tratar, ás 13:00 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.